

ÁREA METROPOLITANA DE VIGO.

UNHA OPORTUNIDADE PERDIDA.

O Pleno do Parlamento de Galicia ven de aprobar no día de hoxe a Lei de Creación da Área Metropolitana de Vigo, feito que deberíamos celebrar todas as forzas políticas que pensamos que é necesario construír espazos para a planificación, a coordinación e a xestión eficaz dos recursos nos espazos urbanos, cos municipios que están fortemente integrados na nosa área de influencia, en termos xeográficos, económicos, sociais e mesmo humanos.

Nembargantes, A Xunta de Galicia acaba de desperdiciar unha oportunidade histórica para crear unha instancia de coordinación metropolitana entre os municipios que compartimos necesidades e que debemos ser quen de establecer economías de escala na prestación de determinados servizos, co resultado ansiado dunha xestión máis eficaz, máis coordinada e máis económica para os cidadáns.

O Goberno do Partido Popular ven de botar por terra a oportunidade de construír unha nova articulación territorial dentro de Galicia, que nos faga máis competitivos como país, contribuíndo a unha maior eficacia e eficiencia das institucións actúantes no territorio.

Esta Lei que hoxe ve a luz, non evita a duplicidade e triplicidade de administracións, que provocan descoordinación e desequilibrio, e que denotan a falla de eficacia dun modelo de organización territorial obsoleto, máis gravoso para os cidadáns e que xa non responde á demanda actual de servizos e prestacións dentro do rigor e a austeridade.

Os socialistas consideramos que no contexto do autogoberno das institucións, nun marco relacional de proximidade, a cooperación e a lealdade institucional deberían ser irrenunciáveis na creación dun ente de coordinación interadministrativo.

Un ente que tería que traballar baixo os principios de descentralización participativa nun novo modelo de municipalismo, con suficiencia financeira e con solvencia, que no caso da área metropolitana non se pode acadar exclusivamente coas achegas dos concellos integrantes na mesma e, moito menos, incrementando a presión fiscal sobre os cidadáns.

A nova realidade metropolitana debería materializar unha transferencia real de recursos económicos e competencias dende a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial á Área Metropolitana de Vigo.

Esta Ley é unha oportunidade perdida para crear un ente que evite a duplicidade de administracións, que racionalice os gastos e que maximice os recursos existentes.

Unha oportunidade perdida para conformar unha rexión urbana que permitiría equilibrar o desenvolvemento territorial, instaurar un sistema de relacións en rede, incrementar a calidade de vida dos cidadáns e, en plena crise económica, conformar un área de influencia máis competitiva.

A Xunta de Galicia, dende a imposición aos concellos, racha co consenso acadado nos últimos anos por todas as forzas políticas, o que vai contra a propia natureza das áreas metropolitanas, que deben nacer como instrumentos de coordinación e cooperación entre administracións.

É obvio que o Goberno galego ten despojado á Área Metropolitana de Vigo das notas de consenso e flexibilidade que require hoxe a solución do fenómeno metropolitano.

A imposición dun modelo pola forza e sen o consenso dos axentes implicados, co único obxectivo de construír unha plataforma política, está chamado ao fracaso e á ineficacia do sistema.

A Xunta de Galicia, unha vez máis, lle da a espalda á área de influencia económica e social máis importante de Galicia, pretendendo impoñer un modelo que supón unha nova centralización do feito metropolitano, tutelado pola Xunta de Galicia e maila Deputación Provincial, que non ceden ningunha competencia, nin asumen ningún financiamento.

Pretenden converter aos concellos en administracións locais menores de idade, coa perda efectiva de peso específico, nun modelo en que os entes locais vense obrigados a coaligarse, a ceder competencias e aos que se lles impón coactivamente o financiamento dunha nova administración paralela.

Por todo elo, os e as socialistas,

MANIFESTAMOS

1. Que a Ley de Creación da Área Metropolitana de Vigo é unha oportunidade histórica perdida pola Xunta de Galicia polo seu fracaso na busca do consenso e o diálogo cos municipios afectados.
2. Que a imposición e a coacción aos municipios, así como a aprobación dunha Ley tan relevante en solitario, **sen o consenso das forzas políticas** parlamentarias nin dos Alcaldes e Alcaldesas

dos Concellos, é o preludio do fracaso.

3. Que Área Metropolitana que se creará non evitará o solapamento de administracións, senón que **crea un novo ente paralelo**, sen que a Deputación Provincial nin a Xunta de Galicia transfiran ningunha competencia.

4. Que o novo ente non nace con **solvencia e suficiencia financeira**, xa que a única fonte de financiamento serán as achegas dos concellos, dado que nin a Xunta de Galicia nin a Deputación Provincial realizarán ningunha transferencia para o sostemento do sistema xeral de funcionamento da área. Moitos concellos non poderán facer fronte ás súas obrigas de financiamento. Os cidadáns non deben pagar máis polos mesmos servizos. É **imprescindible que se produza unha transferencia real de competencias** e de financiamento dende a Xunta de Galicia e dende a Deputación Provincial.

Neste sentido, os Socialistas propoñemos que o financiamento do sistema xeral de funcionamento do novo ente sexa asumido a partes iguais entre a Xunta de Galicia, a Deputación Provincial e os concellos da Área Metropolitana de Vigo.

5. **Representatividade e gobernabilidade.** Os socialistas coincidimos na necesidade de que todos os Concellos integrantes da área estean suficientemente representados nos órganos de

gobierno, primando aos máis pequenos, co obxecto de acadar unha maior implicación e participación, pero tamén recoñecendo o peso específico da cidade referente, coma sucede en todas as áreas metropolitanas do mundo. Nembargantes, a Xunta de Galicia, non utilizou criterios obxectivos de reparto dos concelleiros metropolitanos, senón que quixo obter rédito político. Así, rachando o consenso existente en todos os proxectos e proposicións de Lei anteriores, para o reparto dos concelleiros metropolitanos que conforman o Consello Metropolitano, aplican o sistema D'Hondt ao número de concelleiros obtidos polas formacións políticas en cada corporación, o que supón aplicar dúas veces un sistema de proporcionalidade corrixida, que vai en detrimento do PSOE e do BNG, xa que quebra a representatividade política no seno das corporacións municipais.

Pretenden ***alterar así os resultados electorais*** e a representatividade que cada formación obtivo lexítimamente nas derradeiras eleccións municipais. O sistema de proporcionalidade directa, que nunca foi discutido en textos normativos anteriores, arroxaría un reparto de concelleiros metropolitanos sensiblemente diferente e máis axustado á representación que os cidadáns lle concederon a cada formación política.

Con respecto á ***Xunta de Goberno Metropolitana***, auténtico órgano de goberno, que está conformada polos catorce alcaldes e alcaldesas da área, tamén a Xunta de Galicia rachou o consenso existente anterior (Proxecto de Ley do Partido Popular do 2005, Proposición de Ley do Partido Popular do ano 2007; Iniciativa Lexislativa Popular con máis de 23.000 sinaturas, Anteproxecto de Lei presentado no Concello de Vigo por Alfonso Rueda e Proxecto de Lei presentado no Parlamento de Galicia nesta lexislatura), xa que en plena ponencia parlamentaria o Partido Popular se emendou a sí mesmo, pensando unha vez máis na aritmética política e non nos cidadáns, ao ***cambiar o sistema de voto ponderado***, por un sistema de voto por maioría simple, obviando claramente a representatividade en función da poboación ou en función do número de conselleiros metropolitanos aos que representa cada alcalde ou alcaldesa, de modo que todos os concellos pesan o mesmo na toma de decisións.

O desequilibrio é evidente, non existindo ningunha capacidade de decisión ou ponderación, nin mecanismos nos que a participación da cidade referente da área sexa cualificada. Unha vez máis o Partido Popular pretende gobernar Vigo dende fóra da cidade.

6. ***Autonomía Local.*** Esta Lei supón a imposición

coactiva dun novo ente que non acadou consenso político nin dos concellos implicados, pretendendo impoñer un modelo que supón unha nova centralización do feito metropolitano, tutelado pola Xunta de Galicia e maila Deputación Provincial, que non ceden ningunha competencia, nin financiamento.

Converten aos concellos en administracións locais menores de idade, coa perda efectiva de peso específico, nun modelo en que os entes locais vense obrigados a coaligarse, a ceder competencias e aos que se lles impón o financiamento dunha nova administración paralela. Dende a Xunta de Galicia e maila Deputación Provincial pretenden adoptar acordos que afectan directamente a competencias municipais dos concellos, sen contar coa aprobación previa do municipio afectado.

7. **Transferencia de competencias.** Non quedan determinadas no texto da Lei as competencias que serán transferidas, tanto pola Xunta de Galicia coma pola Deputación Provincial, facendo exclusivamente a previsión de cesión de competencias obligatoria e coactiva por parte dos Concellos.

8. **Presidencia da Área.** A Área Metropolitana de Vigo debe estar presidida polo Alcalde ou Alcaldesa de Vigo, calquera que sexa a súa cor política, por ser a cidade referente da área metropolitana, que representa ao 62% da poboación de todo o ámbito territorial e aportará o 62% dos recursos económicos.

9. ***Persoal e administración.*** O texto da Lei fai a previsión de contratación de persoal eventual e laboral, así como de retribución dos concelleiros metropolitanos con adicación parcial, o que suporá duplicar efectivos e estruturas administrativas, así como un incremento notable do gasto.

Defendemos que debe evitarse a burocratización e a duplicidade, de modo que o persoal funcionario debe ser o que ceda cada Concello das súas respectivas plantillas e non crear novas plazas de funcionarios. Ademais, os servizos que se transfiran deberán vir acompañados das plantillas que estiveran adscritas aos mesmos.

A deficiente previsión da Lei aprobada suporá unha administración xeral, sectorial e urbanística macrocefálica, que obrigará á contratación de centos de novos funcionarios.

**FIRMADO POR LOS PORTAVOCES DE LOS GRUPOS
MUNICIPALES SOCIALISTAS DE LOS CONCELLOS:**

**Baiona, Cangas, Fornelos, Gondomar, Moaña, Mos,
Nigrán, Pazos de Borbén, Porriño, Redondela, Salceda,
Salvaterra, Soutomaior e Vigo.**